

## VERBOS CON ALTERNANCIA VOCÁLICA



- Os verbos con alternancia vocálica son aqueles que abren ou pechan un grao a vogal radical.
- A VOGAL RADICAL é a última vogal do lexema:

Contribu-ír

Escorro-er

Gabe-ar

## VERBOS CON ALTERNANCIA VOCÁLICA. MODELO 1: SENTIR

- A VOGAL RADICAL /e/ mantense en todas as formas agás:
  - /ɛ/
    - × P2, P3 e P6 do Presente de indicativo: sɛntes, sɛnte, sɛnten.  
*Di que se **sente** moi cansa.*  
***Menten** máis do que falan.*
  - /i/
    - × P1 do Presente de indicativo
    - × P2 do imperativo
    - × Presente de subxuntivo  
*Con tanto ruído non **sinto** a radio.*  
***Sirve** ti o café, fai favor!*
- Conxúganse segundo este modelo: *servir, seguir, ferir, mentir* e derivados (*conseguir, perseguir, consentir...*).



## VERBOS CON ALTERNANCIA VOCÁLICA. MODELO 2: ADVERTIR



- A VOGAL RADICAL /e/ mantense en todas as formas agás:

- /i/

- P1, P2, P3 e P6 do Presente de indicativo
- P2 do imperativo
- Presente de subxuntivo.

*Repito o mesmo exercicio varias veces.*

*Íspese el só.*

*Din que **prefiren** ir soas.*

Conxúganse igual *Advertir, Divertir, Agredir, Conferir, Diferir, Inferir, Preferir, Referir, Competir, Repetir, Concernir, Espelir, Espir, Dixerir, Inxerir, Suxerir, Inserir, Medir, Pedir, Reflectir, Vestir, Investir...*

O verbo reflectir conserva o grupo -ct- en toda a conxugación. É fundamental que **reflectas** a realidade do país.

## VERBOS CON ALTERNANCIA VOCÁLICA. MODELO 3: DURMIR

- A VOGAL RADICAL /o/ mantense en todas as formas agás:
  - /ɔ/ na P2, P3 e P6 do Presente de indicativo

*Dorme todo o día.*

*Nunca acode ás reunións.*

Conxúganse seguindo este modelo: *acudir, bulir, cubrir, cumprir, cuspir, durmir, engulir, fundir, fuxir, lucir, sacudir, subir, sufrir, tusir, ulir, xurdir...*

## VERBOS CON ALTERNANCIA VOCÁLICA. MODELO 4: BEBER / COMER

- Existen outros verbos con alternancia vocálica, mais esta non se reflicte na escrita porque as vogais medias se representan do mesmo xeito. Porén, en verbos como “beber” ou “comer” a vogal radical abre un grao na P2, P3, P6 do Presente de indicativo.

*Marta **bɛbe** moita auga.*

*Xoán non **cɔme** nada ben.*